




WEBINARIO: A protección do denunciante: Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia

María Cadaval

USC

CORRUPCIÓN



- Convención Nacións Unidas, 2004

"a corrupción é a praga insidiosa que ten un amplo espectro de consecuencias corrosivas para a sociedade. Socava a democracia e o estado de dereito para dar pe a violacións dos dereitos humanos, distorsións dos mercados, menoscaba a calidade de vida e permite o florecemento da delincuencia organizada, o terrorismo e outras ameazas á seguridade humana"



3 IMPACTOS DA CORRUPCIÓN

POLÍTICO:

- reproduce e consolida a desigualdade social
- preserva as redes de clientelismo
- perpetúa as diferenzas iniciais de renda e de riqueza.

SOCIAL

- problema democrático
- reduce a protección social e os servizos públicos: caída do gasto público, desigualdades sociais
- afunde confianza no Estado e institucións

ECONÓMICO

- Incidena toma de decisións de investimento e produción
- MEDIDA DA INTENSIDADE DA CORRUPCIÓN

- Corrupción= Monopolio da decisión pública
- + Discrecionalidade da decisión pública
- - Responsabilidade pola decisión (*accountability*).

Country	Rank
Bhutan	25
Taiwan	25
Chile	27
United States of Ame...	27
Barbados	29
Bahamas	30
Qatar	31
Korea, South	32
Portugal	32



ESPAÑA posto 34/180 países
(Corruption Perceptions Index)

LA RIQUEZA DE LAS NACIONES



Adam Smith


O PRINCIPIO DE CONDUCTA E ÉTICA

- Adam Smith:


"na prestación dun servizo público, o político ou servidor público debe reunir competencia política ou profesional xunto coa integridade condutual"

O PRINCIPIO DE CONDUTA

- Dekker, 1978 Ethics for Bureaucrats
- *American Society for Public Administration (ASPA)*
- *National Association of Schools of Public Affairs and Administration (NASPAA)*
- *Office of Government Ethics, EEUU*
- ...
- *Impúxose a necesidade de desenvolver código ético servidores públicos*




O PRINCIPIO DE CONDUTA e ÉTICA



- ARISTÓTELES

Ética Nicomáquea

"o deber dos gobernantes é formar á cidadanía na virtude e habituala a ela"




Standards in Public Life: First Report of the Committee on Standards in Public Life (Informe Nolan, 1995)




SELFLESSNESS


OU CAPACIDADE PARA ASUMIR O INTERESE DA ADMINISTRACIÓN COMO PROPIO E ADOPTAR DECISIÓNS BASEADAS SÓ NO INTERESE PÚBLICO




INTEGRIDADE PARA EVITAR SITUACIÓNS DE INFLUENCIA INDEBIDA FAVORECERQUE FAVORECE INTERESES DE TERCEIROS, TANTO INDIVIDUOS COMO ORGANIZACIÓNS CONCRETAS.



OBXETIVIDADE NO DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PÚBLICAS, SEN DISCRIMINACIÓN NEN PARCIALIDADE NA TOMA DE DECISIÓNS




RESPONSABILIDADE NOS CARGOS PÚBLICOS DOS DECISORES E ACCIÓNS, DEBÉNDOSE SOMETER AO ESCRUTINIO CORRESPONDENTE.



TRANSPARENCIA NA TOMA DAS DECISIÓNS PÚBLICAS.



HONESTIDADE DOS EMPREGADOS PÚBLICOS, EVITANDO CONFLICTOS DE INTERESE E SALVAGARDANDO O INTERESE PÚBLICO



LEADERSHIP OU CAPACIDADE DE DECISIÓNS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS PARA PROMOVER E TOMAR DECISIÓNS IDÓNEAS EN BASE A PRINCIPIOS DE BOA CONDUCTA




Posteriormente...

- 1996, a OCDE " A ética no servizo público: cuestións e prácticas actuais)
- 1996, as Nacións Unidas adoptaron a Resolución 51/59, de 12 de decembro pola que se aproba unha declaración contra a "corrupción e o suborno" nas transaccións comerciais"
- ... Fondo Monetario Internacional (FMI)
- ... Banco Mundial (BM)
- ... Banco Iberoamericano de Desarrollo (BID)
- ... O Consello de Europa
- ... a Comisión Económica para América Latina y el Caribe (CEPAL)
- ... o Centro Latinoamericano de Administración para el Desarrollo (CLAD)

Reforzaron os códigos de conducta co fin de erradicar, ou cando menos, mitigar as prácticas de corrupción existentes.

O Sistema de Integridade Ins- titucional (SII)



O Marco de Integridade Institucional (MII)



Enfoque
integridade
institucional 360º



A satellite view of the Earth, showing the continent of Europe and surrounding regions. The image is dominated by blue oceans and white clouds, with green and brown landmasses. The text is overlaid on the center of the image.

O ENTORNO EUROPEO NO MARCO DE
INTEGRIDADE INSTITUCIONAL
The European Integrity Systems Project
(ENIS)

CONXUNTO DE ACCIÓNS E PAUTAS DE AVANCE DA COMISIÓI EUROPEA

Transparencia total do
gasto público. Información
transparente e accesible
sobre criterios de uso e
recursos públicos.

Acceso a toda a
información dos
organismos públicos e
avaliación da eficiencia na
prestación dos servizos.

Información pública sobre
os posibles
conflictos de interese que
se poidan producir na
contratación.

Regulación dos *lobbies* e a
súa relación
coa administración.

Organismo de resolución
de conflitos de interese
independente e con
recursos.

Control dos principios de
boa conduta para os
servidores públicos





DIRECTIVA (UE) 2019/1937 do Parlamento europeo e do Consello de 23 de outubro de 2019 relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión (<https://www.boe.es/doue/2019/305/L00017-00056.pdf>)

Período de adaptación normativa e executiva ate o **17 de decembro de 2021**

Directiva whistleblower

- Á marxe do que faga o lexislador estatal, autonómico, entidades locais, elemento substantivo Sistema Institucional de Integridade conta cun deseño de **protección do informador ou denunciante** a través do establecemento de **canles internas efectivas** para a tramitación de denuncias.
 - Garantir confidencialidade do denunciante
 - Poñelo a resguardo de calquera represalia polo desenvolvemento desa función
 - Evitar desamparo denunciante

Obxectivo: preservar o interese público e evitar o prexuízo ás institucións.

LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN E MALAS PRÁCTICAS

DIRECTIVA 2019/1937

- Art. 104. "a presente Directiva establece normas mínimas e debe ser posible para os Estados membros introducir ou manter disposicións que sexan aínda máis favorables"

Directiva 2019/1937: 3 vías canalizar denuncias

- Canal interno:
 - Dentro da propia administración
- Canal externo:
 - Entidade independente que recibe as denuncias, investiga e decide si sancionar, archivar o dar traslado á fiscalía se hai delito. Pode ser unha entidade independente específica para isto ou utilizar algún órgano xa existente coma Defensor do Pobo, o Consello de Transparencia ou a Fiscalía
- Sistema de revelación pública:
 - Facer pública a denuncia a través de vías como medios de comunicación. Opción extrema, na que se garante a protección do denunciante, só cando as anteriores non funcionen

Directiva 2019/1937. NORMAS MÍNIMAS COMÚNS DE PROTECCIÓN DOS "INFORMANTES"

Protexe ás persoas que informen sobre seguintes infraccións:

A) Infraccións que entren dentro do ámbito de aplicación dos actos da UNIÓN:

- Contratación pública
- Servizos, produtos e mercados financeiros e prevención de branqueo de capitais e o financiamento do terrorismo
- seguridade dos produtos e conformidade
- Seguridade do transporte
- Protección do medio ambiente
- Protección fronte ás radiacións e seguridade nuclear
- Seguridade dos alimentos , sanidade animal e benestar animal
- Saúde pública
- Protección dos consumidores
- Protección da privacidade e dos datos persoais e seguridade das redes e os sistemas de información

B) Infraccións que afecten aos intereses financeiros da UE

C) **Infraccións relativas ao mercado interior**, incluídas normas da Unión en materia de Competencia e Axudas outorgadas polos Estados, así como infraccións relativas ao mercado en relación cos actos que infrinxan as normas do Imposto sobre Sociedades e as prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre sociedades

Directiva 2019/1937. ÁMBITO DE APLICACIÓN PERSOAL

1. Denunciantes que traballen no sector público ou privado e teñan información sobre infraccións nun contexto laboral, incluíndo, como mínimo
 - a. persoas que teñan a condición de traballadores, incluídos os funcionarios
 - b. persoas que teñan condición de traballadores non asalariados
 - c. accionistas e persoas pertencentes ao órgano de administración, dirección ou supervisión dunha empresa
 - d. calquera outra persoa que traballe baixo a supervisión e dirección de contratistas, subcontratistas e provedores
2. Denunciantes no marco dunha relación laboral xa finalizada
3. Denunciantes cuxa relación laboral non comezase, durante o proceso de selección ou negociación pre contractual.
4. Facilitadores, terceiros relacionados co denunciante ou entidades xurídicas propiedade do denunciante

Directiva 2019/1937. NON AFECTA

1. Á PROTECCIÓN DE INFORMACIÓN CLASIFICADA
2. Á PROTECCIÓN DO SEGREDO PROFESIONAL DE MÉDICOS E AVOGADOS
3. AO SEGREDO DAS DELIBERACIÓNS XUDICIAIS
4. ÁS NORMAS DE ENXUIZAMENTO CRIMINAL



APUNTES
DA
DIRECTIVA
2019/1937

CONDICIÓN DE PROTECCIÓN DOS DENUNCIANTES

1. Teñan motivos razoables para pensar que a información sobre infraccións denunciadas é veraz no momento da denuncia

2. teñan denunciado por canles internas, externas ou públicas

3. non afecta á facultade dos Estados de decidir si se esixe ou non ás entidades xurídicas dos sectores privado ou público e ás autoridades competentes a aceptar e seguir denuncias anónimas

CANLES DE DENUNCIA

- ***Obriga dispoñer dunha canle interna de denuncias aplicable a tódalas entidades do sector público.***
CABÉ EXIMIR

- *Concello de menos de 10.000 habitantes ou con < 50 empregados*
- *Entidades públicas que non acaden 50 traballadores*
- *O goberno de cada nación ten a decisión final sobre estas exclusións*

A Directiva aporta por priorizar a **CANLE INTERNA DE DENUNCIAS** fronte a aquelas outras de natureza externa, salvo excepcións. Non se pecha a posibilidade de actuar por **canles externas**, que os caracteriza con natureza subsidiaria.

"A Administración debe establecer procedementos internos axeitados para a recepción e seguimento das denuncias" = modelo procedimental e non institucional

CANLES INTERNAS DE DENUNCIA

- DEBERÍAN TER como función principal
 - Aportar **valor institucional** e xerar infraestruturas éticas ou cultura de integridade na respectiva entidade pública
 - Dende o punto de vista preventivo, **NON pode funcionar** un sistema de denuncias (caixa, rexistro, seguimento), se previamente non se insería nun Sistema de Integridade e se artella xunto a uns valores e normas de conducta (códigos), aplicados por órganos de garantía e dotados de autonomía funcional e independencia orgánica
 - Debe contribuír a **fomentar unha cultura de boa comunicación e responsabilidade social empresarial** nas organizacións, en virtude da cal se considere que os denunciante contribúen de maneira significativa á autocorrección e á excelencia dentro da organización
 - Reforzamento **cultura de integridade** como unha peza máis da política de *compliance* ou integridade da institución

CANLES INTERNAS DE DENUNCIA DEBEN...

Estar no ámbito da contratación pública

Incluír unha serie de exixencias (artigo 9 Directiva)

- Establecidos e xestionados de forma segura
- Garantir a confidencialidade da identidade do denunciante
- Impedir o acceso a esa información de persoal non autorizado
- Designación dun departamento ou persoa imparcial e competente para o exercicio de tales funcións
- Estatuto singular do órgano de control interno
- Eixos:
 - Seguimento das denuncias para xerar confianza na eficacia do sistema de protección do denunciante
 - Informar ao denunciante nun prazo NON SUPERIOR a tres meses
 - Prover de información clara e accesible sobre procedementos de denuncia externa
 - Realizar cursos e seminarios de formación sobre ética e integridade

Anteproxecto de Lei Reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas (Transposición directiva "Whistleblowing" 17/12/2021?)

- ANTEPROXECTO LEI REGULADORA PROTECCIÓN DAS PERSOAS QUE INFORMEN SOBRE INFRACCIÓNS NORMATIVAS (04/03/2022)
 - Cambio terminoloxía INFORMANTE en vez de DENUNCIANTE
 - Amplía o ámbito de aplicación da Directiva
 - Protexe aos informantes
 - Establece normas mínimas das canles de comunicación
 - Amplía a que NON SERÁ DE APLICACIÓN;
 - Información clasificada
 - Obrigas do deber de confidencialidade de médicos, avogados e Forzas e Corpos de Seguridade do Estado
 - Segredo das deliberacións establecidas en leis e regulamentos de carácter reservado a información con transcendencia tributaria
 - Calquera outra información cando así o estableza a normativa específica
 - Prohibición de represalias e medidas de apoio
 - Boa fe, conciencia honesta para protección informante
 - Prohibición de represalias
 - Medidas apoio aos informantes: información, asesoramento integral, accesible e gratuíto, apoio financeiro, psicolóxico

SISTEMAS E CANLES INTERNAS DE INFORMACIÓN

Uso asequible

Garantías confidencialidade

Prácticas seguimento,
investigación e protección do
informante

Responsable de implantación

Denuncias escritas ou verbais

FIGURA INDISPENSABLE

- Designación dunha persoa responsable do seu correcto funcionamento, cuxo nomeamento debe ser comunicado á Autoridade Independente de Protección do Informante

SISTEMAS E CANLES EXTERNAS DE INFORMACIÓN

- Ministerio opta por unha AUTORIDADE de nova creación, adscrita ao Ministerio de Xustiza: Autoridade Independente de Protección do Informante
- A súa canle de comunicación é externa, ante o cal toda persoa física pode informar da comisión de "accións u omisións... directamente ou previa comunicación a través da canle interna"
- Datos de rexistro, deben conter
 - Data, código de identificación, actuacións desenvolvidas, medidas adoptadas, data de peche
 - O trámite de admisión e as opcións posibles
 - A Instrucción e a terminación eventual coa publicación das actuacións, así coma os dereitos e garantías do informante ante a Autoridade Independente
- AS CC.AA. Poderán crear as súas canles externas e organismos responsables do mesmo. Se non o fan, será a Autoridade Independente de Protección do Informante quen actúe como canle externo de informacións (DA3^a)

PROTECCIÓN

- Protección dos informantes en sistemas internos, públicos ou privados ou en canles externas ou revelacións públicas

RÉXIME SANCIONADOR

A potestade sancionadora téñena a Autoridade Independente de Protección do Informante e os órganos competentes das Comunidades Autónomas



CATÁLOGO INFRACCIÓN S = CATÁLOGO SANCIÓN S

Moi graves

Graves

Leves


GALICIA. ANTECEDENTES PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS DE XESTIÓN E MEDIDAS ANTIFRAUDA DA XUNTA DE GALICIA

2015 Programa de Impulso
Democrático (5 leis)

Lei 8/2015 do Consello de Contas,
que o faculta para actuar como
órgano de control externo en materia
de prevención da corrupción

2018 Protocolo de Colaboración entre
a Xunta e o Consello de Contas para a
implementación e seguimento de
plans de prevención de riscos

2019 Diagnose dos sistemas de
control interno e estratexia de
prevención de riscos da corrupción na
administración xeral



PROGRAMA MARCO DE
INTEGRIDADE
INSTITUCIONAL E
PREVENCIÓN DE RISCOS
DE XESTIÓN
(CONSELLO DA XUNTA
26/05/2021
ORDE HFP/1030/2021 plan
de Recuperación,
Transformación e
Resiliencia)

OPORTUNIDADE

- As políticas da UE obrigan a regular a Integridade e a Ética. Unha estratexia integral reforza a seriedade da xestión da Xunta ante auditorías da Comisión e facilita a accesibilidade aos Fondos Next Generation
- Aprobación ao inicio da lexislatira: O programa marco de integridade institucional debe ser un elemento transversal de todas as accións do goberno e da planificación do primeiro ano da lexislatura
- Ausencia de precedentes; outras CCAA tiñan iniciativas en integridade pero non ningún documento estratéxico que refundise as medidas nunha visión conxunta e completa
- Medidas incorporadas ao 4º programa de goberno aberto do Estado español a petición de Galicia
- Aprobación do Programa Marco de Integridade Institucional en maio do 2021, impón límite inicial para o 30/12/2021
- Decisións: Realizar un plan xeral para a Xunta na súa condición de entidade executora. A partir da diganose de riscos do Consello de Contas, elaborar plans para cada entidade en función dos seus riscos propios

PROGRAMA MARCO INTEGRIDADE INSTITUCIONA (2014)



MISIÓN: Prevención para consolidar un sistema sólido e avanzado de "integridade, obxectividade, eficiencia e transparencia no funcionamento da administración pública galega" coa "posta en marcha das medidas para fortalecer os sistemas de control interno e a infraestrutura ética, así coma o control das actividades máis vulnerables ou sensibles aos riscos de xestión"

NORMATIVA E CÓDIGOS VIXENTES

CÓDIGO ÉTICO
INSTITUCIONAL
DA XUNTA DE
GALICIA
(24/07/2014)

Principios básicos de conducta aos que deben someterse os altos cargos e empregados públicos

Introduce a dimensión ética no desempeño da actividade administrativa dos seus destinatarios

Deberes: defensa da dignidade da administración autonómica, imparcialidade e obxetividade no exercicios dos cargos, o deber de ter en conta criterios de proporcionalidade nas viaxes ou axenda pública e prohibición expresa de regalos cun réxime específico de declaración dos regalos mostra de cortesía social ou atención protocolaria

PLAN XERAL DE
XESTIÓN E
MELLORA DA
CALIDADE DOS
SERVIZOS DO
SECTOR
PÚBLICO
AUTONÓMICO
DE GALICIA
2021-2023
(04/03/2021)

Introduce elemento ético na planificación da Xunta e o deber de aprobar un programa de integridade e ética institucional

Avanzar no proceso de aprobación dos plans de riscos de xestión

PROGRAMA
MARO DE
INTEGRIDADE
INSTITUCIONAL
E PREVENCIÓN
DE RISCOS DE
XESTIÓN
2021/2024
(26/05/2021). 6
EIXOS e 24
medidas

Cultura institucional

Ética institucional

Recursos Humanos e Compromiso coa competencia profesional

Plans de prevención de riscos de xestión

Consolidación da administración dixital

Calidade Normativa

PROGRAMA MARCO INTEGRIDADE
INSTITUCIONAL E PREVENCIÓN DE RISCOS
EIXO 1. CULTURA INSTITUCIONAL

MEDIDAS

Medida 1.1. Declaración institucional de integridade da Xunta de Galicia

Medida 1.2. Incorporar a integridade institucional na planificación estratéxica

Medida 1.3. Habilitar unha canle específica de denuncias

Medida 1.4. Regulación dos lobbies ou grupos de interese

Medida 1.5. Regulación unitaria dos conflitos de interese

Medida 1.6. Formación en materia de integridade

Medida 1.7. Fomento e divulgación da cultura da integridade

Medida 1.8. Creación dos órganos competentes de supervisión e control

ÓRGANOS

IMPULSORES E EXECUTORES

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo

Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica xeral e Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa)

COLABORADORES

Secretaría Xeral da Presidencia

Secretarías Xerais Técnicas das diferentes Consellerías

PROGRAMA MARCO INTEGRIDADE
INSTITUCIONAL E PREVENCIÓN DE RISCOS
EIXO 2. ÉTICA INSTITUCIONAL

Medida 2.1. Código ético e de conduta

Medida 2.2. Protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación

ÓRGANOS IMPULSORES E EXECUTORES

Medida 2.1. Código ético e de conduta

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica Xeral /Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa/Dirección Xeral da Función Pública)

Medida 2.2. Protocolos específicos

- En **materia de contratación**

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica Xeral /Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa)

- En **materia de xestión de persoal:**

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica Xeral /Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa/Dirección Xeral da Función Pública)

- En **materia de axudas e subvencións:** Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería de Facenda e Administración Pública (Asesoría Xurídica Xeral /Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa/Intervención Xeral)

Órganos colaboradores:

Secretaría Xeral da Presidencia e Secretarías Xerais
Técnicas das Consellerías

PROGRAMA MARCO INTEGRIDADE
INSTITUCIONAL E PREVENCIÓN DE RISCOS
EIXO 3. RRHH E COMPETENCIA PROFESIONAL

Medida 3.1. Procesos de selección e provisión

Medida 3.2. Avaliación do desempeño

Medida 3.3. Mellorar as ferramentas que permitan a cobertura definitiva dos postos de traballo e diminuír a taxa de temporalidade nos recursos humanos da Xunta de Galicia

- **ÓRGANOS IMPULSORES E EXECUTORES**

- Órganos executores:**

- Consellería de Facenda e Administración Pública
(Dirección Xeral da Función Pública)

- Órganos colaboradores:**

- Secretaría Xeral da Presidencia e Secretarías Xerais
Técnicas das Consellerías

PROGRAMA MARCO INTEGRIDADE
INSTITUCIONAL E PREVENCIÓN DE RISCOS
EIXO 4. PLANS PREVENCIÓN E RISCOS DE
XESTIÓN

- Medida 4.1. Identificación e avaliación de riscos de xestión
- Medida 4.2. Determinación de accións de prevención de riscos de xestión
- Medida 4.3. Determinación de mecanismos de supervisión e control
- Medida 4.4. Información e comunicación
- Medida 4.5. Supervisión do modelo
- Medida 4.6. Formación

ÓRGANOS IMPULSORES E EXECUTORES

Órganos executores:

Secretaría Xeral da Presidencia/Secretarías Xerais
Técnicas das Consellerías/entidades instrumentais
integrantes do sector público autonómico de Galicia

Órganos colaboradores:

Consello de Contas
Asesoría Xurídica Xeral
Intervención Xeral
Dirección Xeral da Función Pública
Dirección Xeral de Avaliación e Reforma
Administrativa
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
(Amtega)

PROGRAMA MARCO INTEGRIDADE
INSTITUCIONAL E PREVENCIÓN DE RISCOS
EIXO 5. CONSOLIDACIÓN ADMINISTRACIÓN
DIXITAL

Medida 5.1. Configuración dixital dos procedementos
administrativos

Medida 5.2. Interoperabilidade coas administracións públicas

Medida 5.3. Carpeta cidadá

ÓRGANOS IMPULSORES E EXECUTORES:

Órganos executores:

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
(Amtega)

Órganos colaboradores:

Secretaría Xeral da Presidencia

Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías Dirección
Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa

PROGRAMA MARCO INTEGRIDADE
INSTITUCIONAL E PREVENCIÓN DE RISCOS
EIXO 6. CALIDADE NORMATIVA

Medida 6.1. Mellorar a técnica normativa e os procesos de
produción
normativa

Medida 6.2. Aumentar a transparencia da “pegada normativa”

ÓRGANOS IMPULSORES E EXECUTORES:


Órganos executores:

Asesoría Xurídica Xeral e Dirección Xeral de
Avaliación e Reforma Administrativa

Órganos colaboradores:

Secretaría Xeral da Presidencia e Secretarías
Xerais Técnicas das Consellerías

O PLAN RECOLLE



CALENDARIO DE FASES

1º DEPARTAMENTOS AFECTADOS

- Centros directivos e entidades instrumentais que xestionen proxectos financiados con recursos procedentes do PRTR (antes do 30/12/2021)

2º RESTANTES CENTROS DIRECTIVOS E ENTIDADES INSTRUMENTAIS DA XUNTA DE GALICIA

- Aprobación en función da planificación temporal prevista no Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024

Medidas	Temporalización			
	2021	2022	2023	2024
Eixo 1: Cultura institucional				
Medida 1.1. Declaración institucional de integridade da Xunta de Galicia				
Medida 1.2. Incorporar a integridade institucional na planificación estratéxica				
Medida 1.3. Habilitar unha canle específica de denuncias				
Medida 1.4. Regulación dos lobbies ou grupos de interese				
Medida 1.5. Regulación unitaria dos conflitos de interese				
Medida 1.6. Formación en materia de integridade				
Medida 1.7. Fomento e divulgación da cultura da integridade				
Medida 1.8. Creación dos órganos competentes de supervisión e control				
Eixo 2: Ética institucional				
Medida 2.1. Código ético e de conduta				
Medida 2.2. Protocolos específicos nos ámbitos máis sensibles de actuación				
Eixo 3: Recursos humanos e compromiso coa competencia profesional				
Medida 3.1. Procesos de selección e provisión				
Medida 3.2. Avaliación do desempeño				
Medida 3.3. Mellorar as ferramentas que permitan a cobertura definitiva dos postos de traballo e diminuír a taxa de temporalidade nos recursos humanos da Xunta de Galicia				
Eixo 4: Plans de prevención de riscos de xestión				
Medida 4.1. Identificación e avaliación de riscos de xestión				
Medida 4.2. Determinación de accións de prevención de riscos de xestión				
Medida 4.3. Determinación de mecanismos de supervisión e control				
Medida 4.4. Información e comunicación				
Medida 4.5. Supervisión do modelo				
Medida 4.6. Formación				
Eixo 5: Consolidación da administración dixital				
Medida 5.1. Configuración dixital dos procedementos administrativos				
Medida 5.2. Interoperabilidade coas administracións públicas				
Medida 5.3. Carpeta cidadá				
Eixo 6: Calidade normativa				
Medida 6.1. Mellorar a técnica normativa e os procesos de produción normativa				
Medida 6.2. Aumentar a transparencia da "pegada normativa"				

PLAN XERAL DE RISCOS DE
XESTIÓN E MEDIDAS
ANTIFRAUDE (Consello
Xunta 10/12/2021)

[https://ficheiros-
web.xunta.gal/transparenci
a/codigo-etico/plan-
prevencion-riscos-medidas-
antifraude-cas.pdf](https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-cas.pdf)

Establecemento dunha canle de denuncias

Que permita poñer en
coñecemento a comisión de
irregularidades

Que protexa aos denunciante e
garanta a confidencialidade

Que permita o arquivo das
denuncias infundadas ou sen
probas

Que estableza un procedemento
para a súa investigación
Comité de Ética

A avaliación dos riscos de xestión

Diagnose xeral da organización
baseado no informe do Consello
de Contas

Catálogo de riscos xerais e
medidas atenuantes para as
áreas de contratación e
subvencións

Metodoloxía para que cada
centro directivo aprobe o seu
plan específico de riscos

Outras medidas de control. Seguimento do Plan e Formación

Listados de verificación
adaptados á Orde
HFP/1030/2021 para cada
expediente de contratación ou
liña de subvención

Sistemas de bandeiras vermellas
: indicios que poden representar
un risco. Verificación ex post
pola persoa xestora ou auditora

Proceso de seguimento do plan.
Formación específica para altos
cargos e funcionarios

CANLE DE DENUNCIAS

01/01/2022, canle de denuncias sobre IRREGULARIDADES ou CONDUCTAS de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

A PRESENTACIÓN DE DENUNCIAS PRECISA

- Identificación electrónica do denunciante, para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas
- Será tratada pola administración autonómica garantindo o ANONIMATO da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar NON COÑECEN A IDENTIDADE DA PERSOA DENUNCIANTE
- Canle prevista para
 - Cidadanía
 - Empregados públicos
 - Presentar medidas de mellora dos procedementos ou accións antifraude
 - Incidencias que sexan realizadas por empresas ou beneficiarios de subvención

INVESTIGACIÓN DAS DENUNCIAS

Obxecto de análise polo persoal funcionario da DIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN E REFORMA ADMINISTRATIVA, que procederá do seguinte xeito:

- Investigar os feitos denunciados
 - Pode solicitar información aos órganos administrativos ou entes instrumentais aos que faga referencia a denuncia presentada ou aos órganos transversais que poidan verse afectados pola mesma
 - Se fose necesario, a investigación incluírá unha fase de INFORMACIÓN RESERVADA
- NON SE DARÁ CURSO Á DENUNCIA CANDO
- fose manifestamente infundada
 - a escaseza da información remitida, a descrición excesivamente xenérica ou incorrecta dos feito ou a falta de elementos de proba subministrados non permitan ao órgano instructor realizar unha verificación razoable da información e unha determinación mínima do tratamento
 - denuncias que incorran manifestamente de mala fe ou proporcionen información falsa ou obtida de xeito ilícito. Neste caso procederase ao ARQUIVO DA DENUNCIA, facendo constar os motivos no arquivo

Estará sempre garantida a confidencialidade dos datos persoais das persoas denunciante e o seu tratamento anonimizado para garantir a indemnidade do denunciante

TRATAMENTO DAS DENUNCIAS

- Á vista dos feitos acreditados, tras unha investigación e da normativa aplicable farase
 - Traslado da denuncia e dos resultados da investigación realizada ao órgano administrativo competente para a tramitación do procedemento que proceda, calquera que sexa este, o que inclúe
 - Procedementos disciplinarios
 - De reintegro ou suspensión dalgún procedemento sobre o que recaese unha denuncia fundada de irregularidade
 - Actualización do correspondente plan de prevención de riscos e medidas antifraude
 - Traslado da denuncia ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, ao Consello de Contas, ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, á OLAF ou incluso á Fiscalía ou aos Tribunais de Xustiza, segundo proceda
 - Acordará o arquivo da denuncia presentada, facendo constar os motivos do arquivo

Nota. Poderase pedir asesoramento ao Comité de Ética


O COMITÉ DE ÉTICA

- Co fin de asesorar sobre o cumprimento da política de integridade e , en especial, sobre o tratamento das denuncias por irregularidades, constitúese unha comisión formada por persoas expertas no ámbito da integridade, de reconocido prestixio, que actuará de maneira independente, prestando asesoramento na xestión das denuncias presentadas
- Estará composto por
 - Un representante do centro directivo competente en materia de avaliación e reforma administrativa
 - Un representante da Asesoría Xurídica Xeral
 - Un representante da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
 - Un representante da Valedoría do Pobo
 - Un profesor universitario que imparta no grao de dereito

TODAS ESTAS PERSOAS SERÁN NOMEADAS POLO TITULAR DA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE FACENDA, TRATANDO DE QUE EXISTA PARIDADE DE XÉNERO

DEFINICIÓN DO RISCO E DIAGNOSE XERAL DA ORGANIZACIÓN

- A diagnose dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Administración elaborado polo Consello de Contas no ano 2019 identifica as actividades susceptibles comúns con mais riscos identificados:
 - Contratación
 - Xestión persoal
 - Área xurídico-administrativa
 - Área de xestión orzamentaria
 - Área de subvencións



REFERENCIAS



<https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional>
<https://transparencia.xunta.gal/canal-de-denuncias>